

**FICHA DE PARTICIPACIÓN  
CERTAME EMILIA ESTÉVEZ VILLAVERDE**

NOME \_\_\_\_\_  
PSEUDÓNIMO \_\_\_\_\_ CURSO \_\_\_\_\_  
DATA DE NACEMENTO \_\_\_\_\_  
ENDEREZO \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

**AUTORIZACIÓN**

Eu,.....  
con DNI.....pai/nai/ titor(a) legal da  
nena/o .....,  
con domicilio en .....,  
.....  
co número de teléfono..... e conta de correo  
.....,  
AUTORIZO ao meu fillo/a a participar no CERTAME EMILIA  
ESTÉVEZ VILLAVERDE, organizado pola Concellaría de Cultura do  
Concello de Ponteareas.

Sinatura pai/nai/titor(a) legal

Ponteareas,.....de..... 2023

**CERTAME  
DE POESÍA E RELATO ILUSTRADO  
EMILIA ESTÉVEZ VILLAVERDE**



## Bases

O Concello de Ponteareas pon en marcha esta iniciativa para visualizar a figura da escritora natural de Ponteareas Emilia Estévez Villaverde (1911-2000). Entre as obras da autora destaca Airiños do meu lugar.

A primeira edición de Airiños publicouse en 1963, composta maioritariamente por poemas en lingua galega. Posteriormente publicou outros poemarios, obras de divulgación histórica, guías histórico- turísticas e literatura infantil. Entre as obras de literatura infantil destacan os títulos A miña fala, as travesuras de Felipiño ou o Nadal e os reis Magos que conteñen ilustracións.

1. Convocase dúas modalidades:

**Modalidade de poesía.** A extensión mínima dos poemas será de 14 versos e a máxima de 40. So se admitirá un relato por participante.

**Modalidade de relato ilustrado.** A extensión máxima dos textos é dunha páxina en categoría infantil e dúas páxinas na categoría xuvenil e deben ir acompañados de debuxos, fotografías, collage... Só se admitirá un relato por participante.

Os textos presentados deben ser **orixinais** e **inéditos**, escritos en lingua galega.

O tema debe estar relacionado con calquera aspecto do concello de Ponteareas (cultura, arte, paisaxe...)

Non poderá ser premiado ningún texto que xa fose premiado noutro concurso ou certame.

2. Poderán concorrer a este concurso todas as persoas que o desexen, atendendo ás **categorías** seguintes:

- Infantil para alumnado de 4º, 5º e 6º de primaria.
- Xuvenil: de 13 a 18 anos
- 

O alumnado participante debera incluír unha **autorización** de participación asinada polo pai, nai ou titor/a legal da/do concursante.

3. Os poemas e os textos presentaranse baixo pseudónimo. Para garantir o anonimato, non poderán aparecer datos persoais nin sinaturas. En cada traballo só pode aparecer a categoría (infantil ou xuvenil) e un pseudónimo do autor ou autora (nunca o nome real).

Os traballos poden presentarse de dúas maneiras:

Na categoría de infantil O persoal do Departamento de Cultura ou da Biblioteca Municipal recollerá as obras nos centros de ensino de educación primaria o venres 10 de marzo antes das 13 horas.

Na categoría xuvenil de xeito presencial, na Biblioteca Pública Municipal, en dous sobres. Un pechado, no que se aparezan os datos persoais: nome e apelidos, idade, copia do DNI, teléfono de contacto, enderezo postal, enderezo electrónico e a autorización do pai, nai, ou titor/a legal no caso das persoas menores de idade.

O sobre pechado cos datos persoais introducirase nun sobre máis grande xunto coa copia do poema / relato. No remite deste sobre grande indícarase a categoría e o pseudónimo.

4. A Concellaría de Cultura e Lingua reservase a propiedade dos traballos presentados e o dereito a difundilos polos medios que considere oportunos. En ningún caso os orixinais serán devoltos.

5. Fíxase un total de tres **premios** en cada categoría, que consistirán na entrega dunha planta natural (doadas pola estación fitopatolóxica do Areeiro-Deputación de Pontevedra), diploma acreditativo e un lote de libros e material escolar.

6. O xurado estará integrado por persoas relacionadas co eido da literatura galega e unha persoa representante do Departamento de Cultura. A súa composición farase pública con antelación á emisión do ditame.

7. Os membros do xurado valorarán a calidade literaria, a orixinalidade, o uso correcto do galego e outros aspectos que consideren oportunos.

8. As súas deliberacións serán secretas e delas redactarase a acta correspondente. A súa decisión, inapelábel, farase pública con antelación á celebración da gala da poesía que terán lugar a finais do mes de marzo en data por determinar, a través da súa publicación na páxina web e no Taboleiro de anuncios do Concello de Ponteareas. Neste acto terán que ler os seus traballos e entregaranse os premios.

9. As obras non premiadas serán destruídas.

10. Correspóndelle ao xurado a interpretación das presentes bases. A participación nesta convocatoria supón a aceptación total destas así como a decisión do xurado.